

Por primeira vez, Boqueixón queda 100% rozado antes de agosto

O Concello tivo ata oito tractores traballando ao mesmo tempo en todas as parroquias

“Por primeira vez, todo o concello de Boqueixón está ao 100% rozado e limpo antes do mes de agosto”, destaca con orgullo o alcalde, Ovidio Rodeiro, quen explica que “deste xeito melloramos a seguridade viaria dos nosos veciños e veciñas e avanzamos na prevención de lumes en todas as parroquias”. Un éxito que foi posible grazas a un dispositivo sen precedentes implantado nos últimos meses que permitiu ter ata 8 tracotres traballando de xeito simultaneo para poñer a punto as vías e estradas de Boqueixón.

Algo que non é sinxelo, toda vez que Boqueixón conta cunha superficie de 73 km², cunha poboación moi dispersa e cunha extensa rede de máis de 250 quilómetros de pistas municipais que comunican os núcleos rurais.

Os traballos comezaron polas parroquias de Codeso, Donas, Loureda, Gastrar, Pousada, Oural, Sucira e Ledesma, que quedaron limpos xa ao inicio do verán. Os dous tractores municipi-



Boqueixón conta cunha superficie de 72 km², cunha rede de 250 km de pistas

pais encargáronse durante xullo de rozar a parroquia de Lestedo, mentres outros catro se encargaban de Boqueixón e A Granxa e dous máis en Lamas, pechando Vigo as actuacións. Simultaneamente, dous tractores encargáronse de rozar pistas de monte en A Granxa, Codeso, Boqueixón e Lestedo.



Ata 8 tractores traballaron este ano



Convenio para comprar un equipo profesional de roza

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, e o alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, asinaron un convenio para financiar a adquisición dun novo equipamento profesional de roza para o municipio. O investimento ascende a 269.272,07 euros, dos que a Deputación achegará o 80% e o resto será asumido polo Concello. O alcalde explica que a nova maquinaria permitirá realizar os traballos de roza con maior rapidez, seguridade e autonomía, reducir custos e prestar un mellor servizo en todas as parroquias.

CALENDARIO DO PUNTO MÓBIL

01 xul / 02 ago

A GRANXA

Campo da festa

03 ago / 31 ago

SERGUDE

Campo da festa San Bieito

01 set / 30 set

LESTEDO

Campo da festa



O Concello investe case 450.000 € en 22 actuacións de mellora no municipio

Os proxectos inclúen melloras de estradas e camiños, así como o acondicionamento dos accesos e do interior de aldeas das distintas parroquias

O Concello de Boqueixón vén de contratar a execución de ata 22 obras de mellora nas distintas parroquias do municipio e nas que vai investir case 450.000 euros,

Dous proxectos que se executarán ao longo dos próximos meses, con cargo ao POS+2025 e que inclúen melloras do firme de estradas e camiños, acondicionamento dos accesos e do interior de varias aldeas e actuacións singulares como a recollida de pluviais en Eirexe ou a construción dunha cuneta de seguridade en Santa Mariña.

Viarios e accesos

O primeiro proxecto, adxudicado a Construcciones Ponciano Nieto por case 310.000 euros, inclúe o aglomerado en quente dunha estrada de 630 metros en Sucira, previa limpeza de cunetas e posterior pintado lonxitudinal. Tamén se canalizará a recollida das augas pluviais nun tramo de 110 metros en Eirexe (Boqueixón) e construírse unha cuneta de seguridade de 180 metros en Santa Mariña, para mellorar a seguridade viaria dos veciños e veciñas. Tamén se mellorará o entronque en Carballón-CP 1201, con canalización de augas pluviais en ambas marxes da estrada, aglomerado en quente do viario e pintado de bordes.

Así mesmo, procederase á mellora da capa de rodaxe (con dobre riego e previo bacheo e limpeza de cunetas) na pista de Ardilleiro ata a ponte do río Pontillón; no viario que une a AC-240 en Engas, sigue pola "Pichina" e vai pola Granxola ata a AC-240 de novo; no camiño que pasa por diante da fonte de Donas; no viario que vai dende a Cruz ata Carabán; no camiño da AC-960 á Igrexa de Ledesma; e no viario en Castro (Oural), no lugar chamado "gurrilleiras".

Por outra banda, melloráranse os interiores en Trión

(Gastrar) e en Gastrar, previa limpeza de cunetas e cun dobre riego. Finalmente melloráranse os accesos en Santaia 22 e Santaia 33, ambas en Codeso; así como da pista de 230 metros de acceso á área recreativa de Sucira.

Mellora capa de rodaxe

O segundo proxecto, adxudicado a Cosmalca por máis de 136.000 euros, inclúe outras sete actuacións. Unha delas é a mellora dos accesos a unha vivenda en Noenlle 8 (Sergude) e unha mellora da rúa Monte Ilcino, en Lestedo.

Despois, contéplase o aglomerado en quente dun viario de 395 metros en Reboredo, doutro viario entre A Torre e A Costiña (Lamas) e dun viario de acceso ao campo da festa de Lamas, que nos tres casos inclúe a limpeza previa de cunetas e o posterior pintado de liñas de bordo.

Completan o proxecto a mellora da capa de rodaxe con dobre riego do viario que cruza o lugar de Piñeiro de Arriba (Boqueixón) e do camiño que vai de Vigo (Lamas) ata a AC-261, onde se anheará o viario.



Por un Boqueixón máis accesible e seguro: plan municipal de arranxo de beirarrúas

O Concello de Boqueixón vén de poñer en marcha un plan de reparación das baldosas deterioradas nas distintas beirarrúas do noso municipio. O obxectivo é mellorar a accesibilidade, garantir a seguridade e aumentar o confort da veciñanza de todas as parroquias. "Seguimos mellorando os nosos núcleos para que camiñar por Boqueixón sexa máis accesible e seguro para todo o mundo", apunta o concelleiro de Obras, Manuel Fernández Munín.

Cambios nas canles da TDT

Poden afectar ás televisións de Lamas, Sergude e Ledesma

A Oficina Técnica da Televisión Dixital en Galicia vén de realizar actuacións nos centros emisores de Sergude e de Gres (Vila de Cruces) debido á evolución tecnolóxica da Televisión Dixital. Isto suporá un cambio de canles de televisión e a necesidade de que os veciños das parroquias de Lamas, Sergude e Ledesma teñan que resintonizar o televisor das súas casas para seguir desfrutando da programación.

Así, o pasado 20 de xullo apagouse o múltiple RGE2 (La 1 UHD, Clan e DKiss) que se emitía na canle 42 e ao acendido do múltiple MPE2 na canle 45 (Boing, Energy, Mega, Trece). Polo tanto, se algún veciño ou veciña ten problemas ou deixa de ver algunha canle de televisión, deberá resintonizala. En caso de non conseguir resintonizar, poden chamar á Oficina de Televisión Dixital en Galicia



**RESINTONICE
o seu televisor**

Se nestes días deixa de ver algunha canle, resintonice o seu televisor

(881 866 388) ou consultar a través da web www.tdt-galicia.gal.

Cambios en novembro

Non é esta a única actuación prevista, o próximo 5 de novembro arrincará a Fase 1 e o centro de Sergude pasará a emitir as seguintes canles: **Canle 22.** (RGE1: TVE1, TVE2, Clan, 24h, TDP); **Canle 28.** (MPE3: T5, Cuatro, FDF, Divinity, BeMad); **Canle 38** (MPE2: A3, La Sexta, Neox, Nova, A3series); **Canle 40**

(Mix Autonomico: TVG, G2, TVG UHD); **Canle 45.** (MPE4: Boing, Energy, Mega, TreceTV) e **Canle 46** (MPE1: Squirrel, Squirrel 2, Dmax, Veo7).

En novembro, os veciños e veciñas que reciban a sinal do centro de Sergude e de Gres deberán realizar unha busca das novas canles no receptor de TDT. No caso das comunidades de veciños, pode ser necesario axustar a instalación colectiva para asegurar a calidade da recepción.

Noite Velada con Muxicas da Silveira, Raeira e Son de Gaita

O Campo do Río de Ponte Ledesma volverá alumearse coas candeas da Noite Velada o próximo sábado 8 de agosto, a partir das 22:00 horas. A área contará con postos de comida e bebida durante toda a noite e da música encargaranse as agrupacións locais Raeira, Muxicas da Silveira e Son de Gaita.

Visita teatralizada a Ponte Ledesma

O domingo 9 de agosto, ás 20:00 h, terá lugar a visita teatralizada "A Ponte da Honra" na que o actor Suso Martínez fará un percorrido por historias senlleiras da Ponte Ledesma xunto a Daniel Lindh, veciñanza e Muxicas da Silveira. Inscripcións: cultura@boqueixon.es



Arrinca o campo internacional de traballo "Monte Sacro"

Un total de 20 profesionais e mozos voluntarios chegados desde diferentes puntos de España participan no campo internacional de traballo "Monte Sacro", organizado pola Xunta en colaboración cos Concellos de Boqueixón e Vedra. Os labores centranse en San Xoán da Cova e no Pico Sacro.



Tania Rúa gaña a fase provincial do concurso Carta a un militar español

Tania Rúa López, veciña do Forte, vén de gañar a fase provincial da decimoterceira edición do concurso "Carta a un militar español". Tania, alumna de 2º de Barchillerato do colexio La Salle, deu lectura ao seu texto "O voo continúa" diante do delegado de Defensa en Galicia, Jesús Ángel Peña.

Concurso de Fotografía “Boqueixón en Imaxes”

O Concello convoca o concurso “Boqueixón en imaxes”, que versará sobre a riqueza natural, histórica, cultural e etnográfica do municipio a través de paisaxes, festas e eventos que teñan lugar en Boqueixón e sexan identificables. Bases en www.boqueixon.gal.

Convocado “Ponlle Música 2026”

O Concello convoca “Ponlle Música 2026”, programa de axudas para entidades e grupos de música tradicional de Boqueixón que busca contribuír á promoción e ao valor do folclore nas parroquias do Concello, promovendo as festividades e eventos musicais dentro de Boqueixón. Información: Taboleiro de Anuncios da web municipal

Comezan as obras de mellora do exterior do local social de Lamas

O Concello continúa co seu plan de mantemento e mellora dos locais sociais. Nestes días completou as obras no local social de Noente, que se suma aos de Loureda, A Granxa e Pousada. Neste caso, instaláronse novos canalóns e baixantes en aluminio lacado, e pintouse todo o inmovible, interior y exterior.

En Lamas, o Concello vai investir máis de 25.000 euros para solucionar os danos na súa fachada, que presenta manchas de humidade e falta de pintura. Os traballos consisten na desmontaxe das baixantes exteriores e canalóns, así como doutros elementos situados na fachada, incluídos os portais. Despois procederase ao illamento térmico polo exterior da fachada e completarase a actuación cun canalón circular e cunha baixante de augas pluviais, ambas en aluminio lacado. “Con este



Inicio das obras de mellora do local social de Lamas



Rematados os traballos de lavado e pintado integral do local social de Noente

novo revestimento continuo SATE garantimos a durabilidade da actuación, xa que ten un mellor com-

portamento ante a choiva que a simple pintura sobre enfoscado”, explica o alcalde, Ovidio Rodeiro.





Letras Galegas 2027 para o noso fillo adoptivo Xosé Neira Vilas

O Concello celebra a decisión unánime da Real Academia Galega de dedicarlle a Xosé Neira Vilas, fillo adoptivo de Boqueixón, o Día das Letras Galegas 2027. Unha persoa que amosou sempre un forte compromiso intelectual, social e cultural con Boqueixón e que merece este recoñecemento.



O Campamento Crea promove o crecemento social da mocidade

O alcalde, Ovidio Rodeiro, visitou aos máis de trinta mozos e mozas de 1º, 2º e 3º da ESO que participan no Campamento Crea, unha iniciativa gratuita na que realizan actividades de igualdade, voluntariado e ambientais. Un espazo lúdico no que se promove o crecemento social e persoal das persoas participantes.




A Ruta dos Pescadores e a área recreativa de Sucira, listas para o verán

O Concello vén de rematar os traballos de posta en valor de dous enclaves naturais referentes no municipio: a ruta dos Pescadores e a área recreativa de Sucira. No caso da senda á beira do Ulla, instalouse unha nova e extensa sinalética para guiar aos sendeiristas: case medio cento de sinais para facilitar o acceso a un dos elementos turísticos máis atractivos e que maior número de visitantes rexis-

tra no municipio: a fervenza de Codeso. Ademais, habilitouse un novo acceso máis seguro á fervenza, ademais de colocar aparcabiscs na contorna dos establecementos hostaleiros da contorna.

No caso da área de recreo de Sucira, renováronse os bancos e mesas, que se atopaban deteriorados polo seu uso e o paso do tempo. No seu lugar colocáronse seis mesas de



XUNTA DE GALICIA

Financiado pola Unión Europea

Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

pedra de granito, cos seus correspondentes bancos, así como outros cinco bancos individuais, tamén en granito, que substitúen aos

de madeira. Finalmente, integrouse medioambientalmente o contedor de lixo a través dun cubrecolector en madeira.



Oitava edición de “Un mes e Pico”

A oitava edición de “Un mes e Pico” ofreceu unha visión interdisciplinar no monte ilicino. O programa arrincou coa actividade “O Pico Sacro e os 4 elementos da natureza”, en colaboración co GDR Terras de Compostela, e seguiu con tres charlas: Henrique Neira e Pablo Sanmartín falaban de lendas do Pico a través de gravados; César González García disertou sobre os eclipses (na foto) e Thibaut Saintenoy pechou o ciclo falando sobre as montañas sagradas.



A Ruta Quetzal chega ao Pico Sacro

Boqueixón recibiu aos 200 participantes da Ruta Quetzal 2026, unha das expedicións xuvenís de carácter educativo e cultural máis recoñecidas de España que percorreu Galicia baixo a lenda: “Tras as pegadas de Urraca a Temeraria”. Unhas pegadas que os levaron ata o Pico Sacro, onde foron recibidos polo alcalde, Ovidio Rodeiro. A maiores, visitaron as fábricas de Bo Queixo e Tartas Lestedo e percorreron unha etapa do Camiño.

Fotowalk Galicia organiza no Concello de Boqueixón unha “quedada fotográfica”

Fotowalk Galicia, en colaboración co Concello de Boqueixón, organiza a primeira “Quedada fotográfica: coñece o concello de Boqueixón”, que terá lugar o sábado 22 de agosto. Inscricións ata o 12 de agosto en fotowalk-galicia@gmail.com.

A programación inclúe unha visita guiada á Ponte Ledesma e aos viñedos de Donas, con visita ao proxecto de enoturismo María Manuela (con cata degustación). Tras o xantar, ás 16:00 horas terá lugar unha visita guiada ao Pico Sacro e un obradoiro de edición de fotografía no centro de interpretación de Cachosenande (de 17:15 a 17:45 horas). Food-truck toda a tarde no Pico Sacro.

Boqueixón garante o subministro de auga a 626 veciños/as de Touro

O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, e o alcalde de Touro, Jesús José Reboredo, asinaron un convenio de colaboración para garantir o abastecemento de auga potable a Touro. Un convenio de un ano de duración, tempo no que Boqueixón subministrará un máximo diario de 173 m³ a un prezo de 0,4013 euros/m³ (+IVE), o mesmo que se aplica a outros municipios.

Isto permitirá regular o subministro de auga a 626 veciñas das parroquias de Vilar, Prevediños, Foxás e Bendaña. Rodeiro enmarca o convenio dentro “da colaboración propia de dous concellos veciños que permite que municipios do rural poidamos ofrecer aos nosos veciños e veciñas os mesmos servizos que teñen nunha gran cidade, como pode ser o CIM, que mantemos dende 2006 con Touro e



Boqueixón vén de mellorar o seu servizo de auga á veciñanza

Vedra, ou iniciativas como Correntes do Ulla ou as escolas deportivas de fútbol con Vedra”.

Boqueixón tamén presta subministro de auga potable a Vedra e ao aeroporto de Lavacolla. “Isto é posible grazas a que a estación de tratamento de Orto ten unha capacidade de produción de 30 litros por segundo, o que significa que pode abastecer a unha poboación de case 12.000

habitantes”, puntualiza o alcalde. Unhas instalacións nas que o Concello vén de investir máis de 120.000 €, en colaboración coa Xunta, para instalar novas estacións de medición e rexistro e implantar una plataforma dixital para ver en tempo real toda a información da rede de auga e mellorar así a súa xestión e a calidade da auga que chega aos fogares de Boqueixón.



O Tartas Lestedo de fútbol sala completa o triplete coa Copa

O equipo do “Tartas Lestedo Reale” de fútbol sala vén de proclamarse campión da Copa de Veteranos de Santiago. Un novo triunfo co que pecha unha temporada para o recordo, no que este equipo foi quen de sumar un triplete, ao gañar os torneos de apertura e de clausura, así como a Copa de Veteranos.



Excursión a Cambados das Casas do Maior Lodeiro e O Fogar de Lamas

As persoas usuarias das Casas do Maior Lodeiro e O Fogar de Lamas viaxaron xuntas a Cambados. A xornada incluíu un percorrido en tren turístico, compras pola Praza de Fefiñáns e unha comida conxunta. Un día inesquecible cheo de risas, cancións e boa compañía.



A rapazada aprende a valorar os servizos que “non se ven”

Os nenos e nenas que participan no Verán Activo disfrutaron dunha saída para coñeceren aquelas infraestruturas que garanten a prestación de servizos fundamentais para a convivencia como o abastecemento de auga, o saneamento e a recollida do lixo. Acompañados por persoal técnico e polo alcalde, Ovidio Rodeiro Tato, visitaron o punto limpo de Boqueixón, a planta de saneamento de Sergude e

Lestedo e a depuradora de auga de Orto.

“Os investimentos en abastecemento e saneamento son fundamentais para garantir a calidade de vida, pero tamén son en moitas ocasións os máis descoñecidos, xa que van soterrados ou están en lugares apartados e menos visibles”, explica Ovidio Rodeiro, “pero que son fundamentais á hora de apostar pola reciclaxe, o consumo responsable de auga e a



Visita da rapazada ao punto limpo, potabilizadora de Orto e EDAR de Sergude

protección do medio ambiente”.

Na primeira parada, coñeceron os refugalloos que se recollen no punto limpo e que non poden depositarse en contedores. Na depuradora, comprenderon por que non se poden tirar

ao sumidoiro determinados residuos. E na potabilizadora visibilizaron o sistema de dixitalización posto en marcha este ano para poder localizar calquera incidencia e controlar a calidade e cantidade de auga en tempo real e a distancia.

Gastrar, Sergude e Sucira celebran as festas

Verán é igual a festas e o mes pasado arrincamos coa Romaría do San Benito en Sergude, coa música de Son de Gaita, Olympus, Disco Móbil Chocolate e a banda de música de Santa Cruz de Ribadulla acompañando a celebración relixiosa, con misa cantada polo coro parroquial de Sergude.

Seguimos en Sucira, coas Festas na honra de Santa Mariña do 17 ao 20 de xullo, coa tradicional queima do monifate. Nesta ocasión, a música correu



Gastrar



Sergude



Sucira

a cargo dos grupos Merengue e Fusión Latina, da Charanga BB+, da banda de música de Santa Cruz de Ribadulla e das Pandeireiras de Codeso.

E pechamos o capítulo festeiro deste mes de xullo en Gastrar, coas festas na honra a Santa Lucía, San Antonio e Santa Mariña. A música foi cousa do trío

Rosel e do dúo Aires de Broñas. E para o domingo 9 de agosto quedan as festas na honra ao Perpetuo Socorro, coa Charanga TNT e Son de Gaita.

CONCILIACIÓN ACTIVA CURSO 2026/2027

Madrugada Boqueixón

Programa de conciliación que ofrece un servizo de acollida, coidado e vixilancia á rapazada antes do comezo das clases e que se desenvolve todos os días do período lectivo do ensino de 2º ciclo de educación infantil, primaria e secundaria no CPI Orza Couto.

Establécese o coidado e atención dos/das menores ante do comezo das aulas. Horario: de 7:30 a 9:00 horas O almorzo será por conta propia ou no seu caso vir almorzos.

Tardes Educativas e de Lecer

Programa de conciliación que se desenvolve despois do remate da xornada lectiva, durante todos os días do período lectivo do ensino infantil, de primaria e de secundaria no CEIP de O Forte.

Ofrece dous servizos en espazos diferenciados. Por unha banda e segundo a demanda de cada familia, a rapazada realizará as tarefas escolares diarias, con vixilancia e apoio de monitoras/res especializadas/os e resolvendo as dúbidas en caso de necesitalo e por outra banda a rapazada tamén realizará actividades lúdicas: lecturas, xogos e obradoiros variados.

Horario: 15:30 a 18:30 horas.

O Concello de Boqueixón abre o prazo de inscricións en Madrugada Boqueixón e Tardes Educativas e de Lecer, etapa 2026-2027. Co obxectivo de conciliar a vida laboral, persoal e familiar co coidado de fillas e fillos menores, prestanse estes servizos nas instalacións municipais do CPI Orza Couto.

Dirixido a: alumnado de infantil, primaria e secundaria, con idades entre os 3 e os 16 anos, empadroados en Boqueixón e/ou alumnado matriculado nun centro educativo do municipio.

Inscricións e prazo:

Preferentemente a través da sede electrónica ou ben no Rexistro Xeral do Concello, presentando ficha de solicitude e demais documentación. A confirmación de admisión publicárase na web municipal.

Posibilidade de inscrición con frecuencia semanal ou por días soltos, con preaviso por escrito de tres días, e sempre que existan prazas dispoñibles.

Solicitudes ata o 27 de agosto de 2026.

Pago:

A obriga de pago nace ao formalizar a inscrición na actividade. O cobro será mediante domiciliación bancaria e con carácter bimensual. Non se reintegrará ningún importe sen causa xustificada.

Baixas:

Toda modificación de solicitudes, corrección de erros, baixa no servizo ou calquera outra cuestión que afecte ao servizo deberá presentarse por vía telemática, a través da sede electrónica do Concello ou ben de xeito presencial por rexistro de entrada.

Máis información no 981 51 30 61 ou no correo electrónico en cim@boqueixon.com. Estas actividades están subvencionadas con cargo ao Plan Corresponsables, Consellería de Política Social e Igualdade e Ministerio de Igualdad do Goberno de España.

AXENDA DO MES DE AGOSTO

Domingo
2

Correntes do Ulla: Vía da Prata-San Xoán da Cova

Capela do Santiaguíño. Ás 10:00 h. 16 km, dificultade media-baixa. Información e inscricións www.boqueixon.gal.

Venres
7

Festas Ponte Ledesma

Misa cantada ás 13:00 h. Sesión vermú con Son de Gaita. Verbena co trío Manhattan e a orquestra Triunfo. Tirada de fogos de artificio.

Sábado
8

Correntes do Ulla: ruta polo patrimonio oculto de Vedra y Boqueixón

De 10:30 a 13:30 h. Inclúe cata-degustación. Información e inscricións: www.boqueixon.gal.

Sábado
8

Noite Velada

Campo do río. Ponte Ledesma. 22:00 h. Actuacións de Raeira, Muxicas da Silveira e Son de Gaita.

Sábado
8

Festas Ponte Ledesma

Misa cantada ás 13:00 horas. Sesión vermú coa Charanga Noroeste. Gran tirada de bombas de palenque.

Domingo
9

A Ponte da Honra

Campo do Río da Ponte, ás 20:00 h. Visita guiada teatralizada a Ponte Ledesma co actor Suso Martínez, acompañado de Daniel Lindh, veciñanza e Muxicas da Silveira. Inscricións: cultura@boqueixon.es

Domingo
9

Festas Ponte Ledesma

Misa cantada polo coro de Oural e Ledesma ás 12:00. Sesión vermú e peche de festa coa Charanga Chámalle X.

Mércores
12

Eclipse desde o Pico

Pico Sacro. 19:30 horas. Dirixe Xabier Molina. Inscricións: cultura@boqueixon.es

Venres
14

Correntes do Ulla: loga na Beira do Ulla

Área de Recreo de Cubelas. 18:00 h. Inscricións: www.boqueixon.gal

Sábado
22

Quedada fotográfica: coñece Boqueixón

Inscricións ata o 12 de agosto en fotowalkgalicia@gmail.com

Xoves
27

Conciliación familiar

Fin do prazo de inscrición nos programas Madrugada Boqueixón e Tardes Educativas e de lecer

Sábado
29

Calma e Benestar no Pico sacro

Aparcadoiro do Pico Sacro. 20:00 h. Actividade de relación a través do movemento corporal, respiración, meditación... Organiza GDR Terras de Compostela. Inscricións: <https://forms.gle/JSNfasSzE9zhJ3RKA>

Máis información e inscricións:

Centraliña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

CIM: 981 513 106
cim@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.es

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com